

COMUNICADO Nº 190/23

14 DE AGOSTO DE 2023

POSITIVA REUNIÓN DOS PILOTOS DA CATEGORÍA 9 DE CARCROSS COA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

A Federación Galega de Automobilismo convocou o pasado xoves 10 de agosto na sede de Lalín aos pilotos da categoría 9 de carcross en montaña de cara atopar unha liña común de traballo para a tempada 2024 e achegar posturas en materia de seguridade para este 2023.

O encontro, no que estiveron presentes unha decena de pilotos desta categoría, ademáis do presidente da FGA, Antonio Rodríguez Troitiño, desenvolveuse nun clima de cordialidade e procura de ententeamento por ambas as dúas partes, mostrando así o convencemento de que mediante o diálogo pódense chegar a acordos beneficiosos para o automobilismo galego.

O presidente escoitou as inquiredanzas dos pilotos, intercambiou impresións e acordou xunto con eles manter a obrigatoriedade das gafas de protección esta tempada 2023, salvo que utilicen un casco integral homologado FIA ou incorporen dous paneis laterais de policarbonato a imaxe do que xa incorporan varios no frontal dos mesmos. Do mesmo xeito, logo de valorar múltiples opcións, acordaron manter soamente as faldillas dianteiras dos carcross, sen a obrigatoriedade de instalar as traseiras.

Tamén comentaron distintas solucións para algúns problemas actuais da categoría e acordaron crear un grupo de traballo conxunto entre pilotos, técnicos e Federación Galega de Automobilismo no último trimestre do ano para regulamentar de maneira estable e consensuada a categoría 9 para a tempada 2024 e seguintes.

Esta positiva e productiva reunión, que xurdiu grazas a boa vontade de todos, foi a primeira de varias que manterá a Federación Galega de Automobilismo con distintos grupos de pilotos de cara a mellorar o regulamento de todas as modalidades do automobilismo autonómico.